



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Plurilingüe Xosé Fernández López
Rúa Doantes de Sangue, 1- 36400 O Porriño
Correo: ceip.xose.fernandez@edu.xunta.gal
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipxosefernandez/>
Teléfono: 886 110433



CONVOCATORIA PARA A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS DE ALUMNOS PARA O CONSELLO ESCOLAR

De conformidade coa Resolución do 10 de setembro de 2024 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares nos centros de educación non universitaria (DOG do 18 de setembro).

INFÓRMOLLES

Que a partires do vindeiro día **30 ata o día 11 de novembro** ás 14:00 poderán presentar na secretaría do colexio (ten o modelo para cubrir o administrativo), as **candidaturas** para membros do Consello Escolar aqueles pais ou nais ou titores legais de alumnos/as que o desexen.

Este curso elixiranse dous membros do sector pais/nais/titores legais do Consello Escolar.

As **votacións** realizaranse o día **19 de novembro de 16:00 a 18:00** na biblioteca do colexio. A mesa electoral ese día estará formada pola directora e catro pais/nais que serán elixidos/as por sorteo público o día 11 de novembro ás 12:00 no colexio.

O Consello Escolar é o lugar onde podemos debater e tomar decisións que afectan á organización e funcionamento do colexio. É un espazo clave onde as vosas voces e opinións son fundamentais e a participación das familias é imprescindible para garantir que todas as decisións teñan en conta as necesidades dos nosos nenos e nenas. A vosa implicación fai que a nosa comunidade educativa sexa máis forte e unida.

Animámosvos a que participedes activamente, xa sexa presentando a vosa candidatura ou exercendo o voso dereito ao voto.

Xuntos podemos conseguir que o colexio sexa un espazo de crecemento e aprendizaxe para todos.

O Porriño, a 22 de outubro de 2024

A Directora

Rosa Mª Baladrón Iglesias

